


Buscadores

Inclúe un buscador xeral de recursos e un buscador de carteiras de recursos

BUSCADORES

O **BUSCADOR** permite localizar facilmente os recursos dispoñibles no Servidor ABALAR do centro. Dispón de dous tipos de busca: **buscador de recursos** e buscador de **carteiras de recursos**.

Está dispoñible para todo tipo de usuarios.



1 Buscador de recursos educativos



Accédese dende a pantalla inicial ou ben dende o botón "Buscador", presente no menú principal. Pódese buscar: por palabra clave, empregando filtros (ensinanza, nivel educativo, materia, etc) ou combinando ambas opcións.

2 Buscador de carteiras de recursos


Permite acceder ás distintas carteiras presentes na aplicación. Dispón de dous tipos de busca: por usuario (nome e/ou apelidos) ou por recurso educativo (título, descrición ensinanza, materia, etc).

Unha vez localizado o recurso desexado, temos a posibilidade de facer unha selección persoal dos recursos favoritos propia de cada usuario. Esta opción só estará dispoñible para usuarios rexistrados.

CARTEIRA DE RECUSOS DE USUARIOS REXISTRADOS

Cando nos deron de alta no servidor **creouse automaticamente** a carteira do noso usuario, que inicialmente está baleira.

Unha vez nos autentificamos no acceso a usuarios, podemos acceder a nosa carteira de recursos a través do buscador ou da carteira.



- Pódense facer unha colección persoal de recursos que se consideren de interese, seleccionándoos dende o buscador de recursos e logo engadindoos a nosa carteira.
- Posteriormente e sempre que esteamos rexistrados podemos: visualizar, descargar e eliminar recursos da nosa carteira.

1º Paso: Participo nun novo proxecto e quero facer unha actividade relacionada na aula abalar


"Recíclate con Sogama" é un programa integrado no Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de la Xunta de Galicia (Resolución publicada en el DOG del 31 de agosto de 2012 <http://www.edu.xunta.es/web/planproxecta>) que se centra no fomento da recollida selectiva de residuos a través de islas de reciclaxe escolares que esta empresa pública facilitará aos centros participantes.

2º Paso: Busco información para que eles mesmos investiguen na web que residuos ai que depositar en cada contenedor de recollida selectiva

No seguinte enderezo: <http://www.sogama.es/es/info/reduce-reutiliza-y-separa-para-reciclar> podemos acceder a unha versión en PDF, e no fondo da páxina podemos ler o folleto adxunto.

RUTA de acceso accesible: Inicio»Educamos»Sensibilización ambiental»Reduce residuos: Ahorra recursos

Lemos as condicións legais de uso/propiedade intelectual:
<http://www.sogama.es/es/info/aviso-legal>



3º Paso: Imos facer un concurso o estilo de Pasapalabra para descubrir se estamos preparados para reciclar correctamente e se coñecemos as enerxías renovables

- Buscamos no servidor por palabra clave: "pasapalabra" ou ben "reciclaxe".
- Encontramos o recurso. O visualizamos e xogamos de forma colectiva.
- Nos autentificamos no servidor e gardamos o recurso na nosa carteira.
- Usando a web de Sogama, enviamos a un compañeiro a páxina. Na mensaxe avisámolo que mediante o buscador de carteiras pode atopar a miña carteira, e alí está o xogo que lle propoño facer co seu curso despois de ler o folleto.

Pasapalabra. Reciclaxe e enerxías renovables



4º paso: Recomendamos para facer na casa:

Un videoxogo: **SEPARA PARA RECICLAR** que vai poñer a proba os teus coñecementos:
<http://www.sogama.es/videoxogo/sogama.php>